

QUERO BAJAR!!!

50 50 anos Renovando eduCando

colexio de educación infantil e primaria

# Raquel Camacho

Revista trimestral  
A Coruña\_decembro\_2020



CONCURSO TÍRALLE DA

## LINGUA

O relato oral en galego

PROPOÑÉMOSCHE

## RETO

Faime rir e levas un premio

RECOMENDACIÓNS

## QUE LER?

Líbrs para o Nadal

O NOSO


**VIVEIRO**<sup>2.0.</sup>

EXPRESS

Alumno



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega



## XIX CONCURSO DE RELATO ORAL

# TÍRALLE DA LINGUA

*Tíralle da lingua* é un proxecto da Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) dirixido ao alumnado e pro-


A finais de outubro, convidamos a participar ao alumnado de 4º, 5º ou 6º de E. Primaria no concurso organizado pola [AS-PG](#). Tiñan que gravar un vídeo narrando un conto en voz alta. **A historia podía ser inventada ou algunha coñecida** e o vídeo non podía durar máis de 5 minutos.

O concurso constaba de dúas fases: unha no centro e, se pasabas esa fase, outra a nivel galego.

O EDLG do colexio fallou que **o relato gañador era o contado por Lucía Zheng (6º de E. Primaria) e**

fesorado, co obxectivo de normalizar o uso oral da lingua galega e de crear e recrear historias.

que, polo tanto, pasaba á seguinte fase do concurso. Pódese visualizar o [vídeo gañador e tamén os finalistas na web do colexio](#) ou usando o código QR de embaixo.



A historia de Lucía conta unha lenda chinesa fermosísima sobre un raposo de nove colas que ves no debuxo da portada. ■



VOZ NATURA

# NADAL SOSTIBLE

Estamos comprometidos/as co respecto ao medio ambiente. Esta é a folla de ruta que queremos seguir no noso

O acivro é unha árbore vencellada ao Nadal desde tempos moi antigos. En Galicia, forma parte da flora silvestre da montaña onde acada un gran valor paisaxístico e ecolóxico. **Está protexida desde 1984** debido á depredación á que foi sometida co obxecto de servir para a decoración de Nadal. Neste tempo, tratamos de espallar amor e felicidade e un xeito que atopamos para facelo é empregar as decoracións.



camiñar. No Nadal, o mellor agasallo que podemos facer ao noso planeta é contaminar menos e coidalo máis.



Pero ollo! **Moitos deses adornos que empregamos non son nada amigables co medio ambiente.**

Por iso, animámosche a empregar o material de refugallo da túa casa para crear os teus propios adobíos.

De seguro que pasarás un bo momento e, ao mesmo tempo, aprenderás a amar máis o teu (noso) planeta durante o Nadal! ■

**GALECHISTEANDO: O RETO DESTE NADAL**

# FAIME RIR!

Nun tempo coma este, no que as malas novas se suceden, a alma necesita con urxencia un pequeno respiro.

## COMO PARTICIPAR NO RETO?

A ver, como queremos que traballes menos que o xastre de Tarzán, a participación neste reto poñémola sinxela:

1. busca un **chiste en galego** (o máis gracioso que saibas),
2. **memorízao** ben,
3. **ensaia** diante dun espello
4. e despois **grávate** contándoo (que ninguén che diga o contrario: ti tes graza e punto!).

Logo, pídelle a alguén da túa familia que saiba un mínimo de tecnoloxía que **envíe o vídeo** a este correo **antes do domingo, 10 de xaneiro** de 2021:

[ramonparis@edu.xunta.gal](mailto:ramonparis@edu.xunta.gal)

Por iso, no seguinte reto que-remos que te divirtas e que divirtas os demais contando algún chiste en galego.

O vídeo **non pode durar máis dun minuto**. Non te veñas arriba!

Un prestixioso xurado composto polos membros do EDLG terá a dura tarefa (?) de elixir os máis simpáticos. O criterio que vai seguir é máis simple que o mecanismo dun lapis: gañarán os que máis fagan escachar coa risa aos excelentísimos compoñentes do equipo de galego.

Haberá **dous premios**: un para Infantil e outro para Primaria. Consistirán en cadanseu vale para que varias comerlle **un chocolate con churros** a *Bonilla*.

A que non agardabas un premio así? Pois, veña, demostra que tes máis simpatía que Henry Danger. ■



VEÑA, ATRÉVETE CON ESTES XOGOS

# PASATEMPOS

Si, si. Xa sabemos que andas sempre rumbando de ser máis listo/a que un allo e de

ter un ollo clínico. Pois veña, chegou a hora de demostralo dunha vez!

## MANDALA DO NADAL



Fonte: <https://mandalasweb.net/>

## ENCRUCILLADA

1. Chega das montañas de Lugo na noite de Nadal.

2. (De arriba a abaixo) Chegan o 6 de xaneiro.

3. (De arriba a abaixo) Escena coa que se representa o nacemento.

4. (De arriba a abaixo) Decórase con adornos, luces e bólas.

5. Sentimento e anhelo no Nadal.


6. Dóce a base de améndoas e mel propio do Nadal.

7. (De abaixo a arriba) Dámolo e recibímolo en Nadal.

8. (De dereita a esquerda) Canción típica do Nadal.


9. (De dereita a esquerda) Día do mes no que se celebra o Nadal.

10. Noite do Nadal.



## XEROGLÍFICO

Que vas comer de sobremesa?



## SOPAS DE LETRAS

Es capaz de dicir que non vas tomar un peixiño nestas datas! Busca 12.

Nivel  
SINXELO

- BACALLAU
- BONITO
- CASTAÑETA
- FANECA
- MARAGOTA
- MEIGA
- MELGACHO
- PARROCHA
- RAPANTE
- XOUBA
- XURELO

Q	G	D	H	X	U	R	E	L	O
B	O	N	I	T	O	Ñ	L	S	F
V	P	A	R	R	O	C	H	A	G
Ñ	C	R	A	P	A	N	T	E	Q
M	E	I	G	A	X	O	U	B	A
Q	B	A	C	A	L	L	A	U	D
G	F	S	H	F	A	N	E	C	A
C	A	S	T	A	Ñ	E	T	A	Q
S	M	E	L	G	A	C	H	O	F
M	A	R	A	G	O	T	A	S	D

Mira que hai bisbarras en Galicia e a todas chega o Apalpador. Atopa 12.

M	Q	X	Z	E	S	V	I	G	O
E	F	E	C	A	Q	X	C	V	R
I	S	I	D	E	S	V	Z	B	D
R	X	L	S	A	R	R	I	A	E
A	A	S	L	T	F	Q	X	C	S
C	R	L	Q	V	E	R	Í	N	Z
C	A	Z	B	E	R	R	N	X	V
X	N	C	Ú	V	R	X	R	Q	N
V	I	A	N	A	O	M	S	A	B
Z	V	Q	S	C	L	U	G	O	X

Nivel  
MEDIO

- ARZÚA, CALDAS, FERROL,
- FISTERRA, LUGO, MEIRA,
- ORDES, SARRIA, VERÍN,
- VIANA, VIGO, XALLAS



## MENSAXE OCULTA

Cambia cada número pola letra correspondente na orde do abecedario. Ollo, no alfabeto galego, non no castelán (que sabes que ten máis letras).

12/5/18/19/5    1/12/14    20/1/18    3/1    12/20/12/1  
 2/14    12/1/4/1


RECOMENDACIÓNS LECTORAS PARA O NADAL

# QUE LER?

Papá Noel, os Reis Magos ou o Apalpador. Pídelle agasallos a quen queiras, pero

proba a escribir o título dun bo libro nas cartas que lles envías. Vailles encantar!


## EDUCACIÓN INFANTIL



**CANDO MARTIÑO TIVO GANAS DE MEXAR NA NOITE DE REIS** de Chema Heras e Kiko da Silva. Pois, o cativo esperta pola noite e...

+ INFO: [Kalandraka](#)

## 1º E 2º DE E. PRIMARIA



**MARIÑA E O BALÓN** de Pere Tobaruela. Mariña enfrontarase ao seu xeito a eses nenos que pensan que as nenas non poden xogar ao balón no recreo.

+ INFO: [Edicións Xerais](#)


## 3º E 4º DE E. PRIMARIA



**A FORMIGA DESTEMIDA** de María Reimóndez. A formiga saberá da existencia dos humanos: serán tan malvados como contan?

+ INFO: [Edicións Xerais](#)

## 6º E 5º DE E. PRIMARIA



**MI ABUELO TENÍA UN HOTEL** de Daniel Nesquens. Nas habitacións do hotel Eloísa, alóxanse uns clientes moi peculiares e danse situacións estrambóticas.

+ INFO: [Ediciones Anaya](#) ■